# Como somos espelidos no Nadal pedimos... LIBROS!

## 3º E 4º DE PRIMARIA

**ISTO NON É UNHA SELVA**

Todo comezou o día que Paula decidiu dicir que non. Dicir que non era ben divertido. Paula podía facer o que lle dese a gana. Foi daquela cando aconteceu: a súa casa converteuse nunha auténtica selva con árbores, lianas, vexetación frondosa? e unha chea de animais facendo o que lles petaba.

AUTORA: Susana Isern
EDITORIAL FLAMBOYANT







**"¡QUÉ RICO!**

Sobre platos apetitosos, alimentos asquerosos, guisos olorosos, potajes ventosos, bocatas sabrosos y otros manjares deliciosos"

Verdadeira enciclopedia dos alimentos, das formas de comer e dos costumes de lugares e épocas moi diferentes e lonxanas. Cada páxina divirte e esperta curiosidade.

AUTORES: Alexandra Maxeiner y Anke Kuhl
EDITORIAL TAKATUKA

**YO LO SÉ HACER**

Un valioso libro que acompaña ás nenas e aos nenos no descubrimento da súa autonomía e que lles axuda a desenvolver as habilidades imprescindibles para a vida diaria, dende cómo cortarse as uñas, pelar unha froita, envolver un agasallo, facer unha tortilla, ata como coser un botón, atarse os zapatos ou coller o autobús...

AUTORES: ALAIN LABOILE / HIFUMIYO
THULE EDICIONES




## 5º E 6º DE PRIMARIA

**SUCIEDAD : LA APESTOSA HISTORIA DE LA HIGIENE**

Un libro que nos descobre como cambiou a actitude das persoas respecto ao aseo, o baño e a hixiene ao longo dos séculos. Por que un inodoro conectado a un depósito de auga é un dos inventos máis importantes da humanidade? É posible que a maquillaxe poida matar? Onde facía as súas necesidades o Rey Sol? Que levaba no nariz o Doutor da Peste? Como se lavan os astronautas?

AUTORES: Piotr Socha ; Monika Utnik-Strugata
MAEVA YOUNG EDITORA







**O BOSQUE É A NOSA CASA**

Sabes, de verdade verdadeIra, como é que funcionan os bosques? Nun bosque todo está conectado. Pero ademais, todas as persoas estamos tamén conectadas cos bosques. E é que, sen dúbida, o bosque é a nosa casa. Entra neste libro e descubrirás un montón tan grande de cosas alucinantes (e que moi pouca xente sabe) que te convertirás en especialista en bosques.

AUTORAS: Sara Fernández e Sonia Roig
HÉRCULES EDICIÓNS




**OS MINIMORTOS**

Os Minimortos son unha cuadrilla de nenos moi diferentes a ti: son nenos de ultratumba. Agardan polos seus pais no Outro Barrio, un lugar de paso onde teñen liberdade para facer o que lles pete. Todo cambia o día que chega Catacrak, un cativo que quere regresar ao mundo dos vivos. Os Minimortos terán que empregar o seu enxeño para axudalo. Conseguirán que Catacrak regrese á vida?

AUTORA: Ledicia Costas
EDICIÓNS XERAIS



## RECOMENDACIÓNS DE LECTURAS

## C.E.I.P. SANTIAGO APÓSTOLO

## NADAL 2023

# EDUCACIÓN INFANTIL

## GAVIOTA GOURMET

Á gaivota Mori encántalle comer sempre no mesmo restaurante: o patio do cole! Un conto de humor sobre como nos alimentamos.

AUTOR: O HEMATOCRÍTICO
EDICIÓNS XERAIS







## UNHA EIRUGA MOI LARPEIRA

Unha das obras maestras de Eric Carle e xa todo un clásico.
A pequena eiruga percorre todas as páxinas perforadas deste libro para devorar todo canto atopa e converterse finalmente nunha fermosa bolboreta.

AUTOR: Eric Carle
EDITORIAL KALANDRAKA

## ¡VOY A COMEDTE!

Un lobo malo, famento e que fala dunha forma rarísima espera no bosque a que apareza un delicioso bocado. Con tan mala sorte que se topa cun par de coelliños listos que lle quitarán un pelo que ten na lingua e, sobre todo... ¡as gañas de comer carne!

AUTORES: Jean-Marc Derouen e Laure du Faÿ
EDITORIAL KÓKINOS




# 1º E 2º DE PRIMARIA




## O GRAN LIBRO DOS MEDOS DE RATO PEQUENO

O ratiño pequeno tenlle medo a todo, e cando dicimos todo é a TODO. Cada páxina nos desvela un medo novo, mentres o ratiño faise máis e máis pequeno. Pero non te preocupes! O ratiño tenche unha solución infalible para superares calquera dos teus medos!

AUTORA: EMILY GRAVETT
PATAS DE PEIXE EDITORA

## 100 PISOS BAJO EL MAR

Un libro cheo de humor que lerás 1000 e unha veces xa que en cada lectura descubrirás detalles agochados. Ademais aprenderás a contar mopi, moi, moi ben ata 100.

AUTOR: Toshio Iwai
EDITORIAL PASTEL DE LUNA







## LOLA SE EMBALA Y OTROS CUENTOS TERRIBLES

Hai situacións que poden acabar mal, tal como pais e adultos encárganse de advertir continuamente aos peques. En Lola se embala nenos e nenas divertiranse con sete situacións cotiás, familiares, levadas nas súas consecuencias ao extremo, explicadas con versos áxiles e graciosas ilustracións

AUTORA: Wilfried von Bredow
ILUSTRADORA: Anke Kuhl
EDITORIAL TAKATUKA